

O artigo 27 do Regulamento do Parlamento na súa redacción dada polo acordo da Mesa do 3 de agosto de 2015 di:

<<1. O Parlamento poñerá á disposición dos grupos parlamentarios locais e medios materiais suficientes e asignaralles, con cargo ao seu orzamento, unha subvención fixa idéntica para todos e outra variable en función do número de deputados de cada un deles. As contías fixaraas a Mesa da Cámara dentro dos límites da correspondente consignación orzamentaria.

2. Os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica da subvención a que se refire a alínea anterior, que poñerán á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia sempre que esta o pida. Anualmente, esta información publicarase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.>>

A principios de lexislatura determínase o importe das subvencións aos grupos parlamentarios pola Mesa do Parlamento de Galicia. Así na súa reunión do 17 de agosto de 2020 acordou manter os importes fixados na anterior lexislatura, resultando:

- Subvención fixa para cada grupo parlamentario: 9.971,79 €/mes
- Subvención variable segundo o número de membros do grupo: 1.837,01 €/mes
- Subvención finalista: 5.898,56 €/mes

A subvención finalista atende aos termos fixados na reunión da Mesa da Cámara do 15/03/2006 e do 17/08/2020 segundo o que dedícase a afrontar os custes salariais e de seguridade social derivados da contratación de persoal en cada grupo parlamenario a razón de un técnico e/ou un administrativo cuxa suma terá como límite o importe da achega. O seu pagamento aos grupos parlamentarios está condicionado á acreditación desas contratacións.

Subvencións aos Grupos Parlamentarios do 01/01/2022 ata o 31/12/2022

GRUPO	Número de deputados	Subvención fixa	Subvención variable	Subvención finalista	Subvención total
		9.971,79 €/mes	1.837,01 €/mes e deputado	5.898,56 €/mes	
G.P. Popular de Galicia	42	119.661,48	925.853,04	70.782,72	1.116.297,24
G.P. Bloque Nacionalista Galego	19	119.661,48	418.838,28	70.782,72	609.282,48
G.P. Socialistas de Galicia	14	119.661,48	308.617,68	70.782,72	499.061,88